



CONSENTIMENTO INFORMADO

CUESTIÓNS RELATIVAS Á CONTRATACIÓN DAS VIAXES

1. A realización das viaxes queda supeditada a que non se produza ningunha circunstancia adversa ou causa de forza maior que o Equipo Directivo do IES Alexandre Bóveda e / ou a axencia contratada considere que poida ser un impedimento para a realización das actividades.
2. De producirse unha cancelación, polos motivos expostos, non se devolverá unha porcentaxe (xestión da(s) empresa(s) mediadoras / axencia organizadora) do diñeiro aportado, tal e como figura na información previa transmitida ás familias e / ou no contrato asinado coa axencia organizadora.
3. A sinatura desta circular é un **COMPROMISO FIRME** de participación nas viaxes nos termos indicados.
4. As familias que posteriormente soliciten causar baixa nas viaxes por un motivo de forza maior, perderán a porcentaxe de diñeiro estipulada nas condicións previas transmitidas desde o centro / estipulada por contrato coa axencia contratada.

CUESTIÓNS RELATIVAS AO DESENVOLVEMENTO DAS VIAXES

As viaxes están organizadas polo IES Alexandre Bóveda en base ás normativas existentes para este tipo de actividades.

O alumnado participante nas viaxes e as súas familias aceptan as normas que a continuación se describen:

1. Respetar o profesorado encargado do grupo, así como as/os monitores encargados de actividades no lugar de destino ou aquel persoal necesario para o desenvolvemento de visitas ou actividades se o houbese.
2. Respetar o resto de participantes.
3. Respetar a propiedade e normas do aloxamento de destino e/ou lugares onde se leven a cabo as actividades contratadas. Ademais, deberán facer un bo uso dos materiais afectos ás actividades.
4. Manter unha boa conduta. Neste punto é necesario indicar que se tomarán as medidas disciplinarias necesarias para a boa consecución das viaxes, puidendo ser advertidos os participantes a causa das súas condutas. Dependendo da gravidade do comportamento de calquera participante, poderase dar aviso á súa familia podendo mesmo ser expulsado da actividade ou da viaxe.
5. Manter unhas condicións mínimas de hixiene.

Nota aclaratoria 1: Para a participación na viaxe será preciso observar un bo comportamento durante o curso. No caso contrario, o Equipo Directivo do IES Alexandre Bóveda poderá determinar que un alumno/a (ou vario/as) non participe na viaxe aínda que estivesen anotados.

Nota aclaratoria 2: A dirección do IES Alexandre Bóveda poderá solicitar a recollida dalgún participante que sexa expulsado por faltas moi graves de comportamento durante a viaxe, debendo as súas familias personarse onde así llelo indique o Equipo Directivo. Aos participantes que sexan expulsados durante a viaxe por

comportamento grave, non se lles devolverá o importe da viaxe ou dos días non disfrutados.


Nota aclaratoria 3: O/-a alumno/-a participante deberá entregar asinado e cumprir escrupulosamente o **protocolo de conduta** que estipulará o IES Alexandre Bóveda como condición indispensable para a súa participación na viaxe. O devandito protocolo distribuirase entre o alumnado e as súas familias ao longo do mes de decembro, antes de que remate o período lectivo.

POLÍTICA DE FINANCIAMENTO

As familias que se acollan ao plan de financiamento da viaxe ofertado pola axencia organizadora (rifas e / ou venda de produtos a través da(s) empresa(s) coas que medie a axencia) e / ou a empresa LUICAR, **vincularán a venda de produtos á súa participación na viaxe**, polo que no caso de causar baixa, **devolverán o importe gañado ao centro para que este o redistribúa entre o grupo de alumnado participante.**

O Equipo Directivo do IES Alexandre Bóveda só actuará de mediador nas xestións económicas que as familias poidan chegar a establecer coa empresa de financiación de excursións LUICAR. Quedará eximido de calquera responsabilidade nas mesmas.

De igual modo, tamén se manterá á marxe das xestións económicas efectuadas a través da axencia organizadora ben para financiar a viaxe a través da venda de produtos ben para calquera transacción económica.



Vigo, 18 decembro 2023

Vicedirección

Asdo. Begoña Rodríguez





XUSTIFICANTE DE ENTREGA CONSENTIMENTO INFORMADO

A persoa abaixo asinante, _____ pai / nai / titor/-a legal do alumno/-a _____ do grupo _____ ratifica o presente Consentimento Informado, comprometéndose firmemente a cumprir as normas nel recollidas e confirma a asistencia á viaxe a _____ durante o curso 2023 / 2024 organizada polo IES Alexandre Bóveda

Asemade, declara ser coñecedor /-a da necesidade de entregar asinado o protocolo de conduta que se distribuirá antes do inicio da viaxe.

Asdo. _____ DNI _____



